

A dirección informa:

Unha vez obtida a autorización de mobilidade para votar a xornada mixta para o vindeiro curso 2023-2024 infórmase do seguinte:

Sobre o horario solicitado para E. Infantil e E. Primaria é:

HORARIO LECTIVO	
LUNS E MARTES	MÉRCORES A VENRES
ENTRADA TRANSPORTE: 09:20 A 09:30	ENTRADA TRANSPORTE: 09:20 A 09:30
1ª SESIÓN: 9:30 – 10:20	1ª SESIÓN: 9:30 - 10:20
2ª SESIÓN: 10:20 – 11:10	2ª SESIÓN: 10:20 - 11:10
RECREEO: 11:10 – 11:35	RECREEO: 11:10 - 11:40
3ª SESIÓN: 11:35 – 12:25	HORA DE LER: 11:40 - 12:00
4ª SESIÓN: 12:25 – 13:15	3ª SESIÓN: 12:00 - 12:50
HORA DE LER: 15:05 – 15:25 (luns de 15:20 a 15:40)	4ª SESIÓN: 12:50 - 13:40
5ª SESIÓN: 15:25 – 16:15 (luns de 15:40 a 16:30)	5ª SESIÓN: 13:40 - 14:30
SAÍDA TRANSPORTE: 16:30 LUNS E 16:15 MARTES	SAÍDA TRANSPORTE: 15:30

COMEDOR	
LUNS E MARTES	MÉRCORES A VENRES
Luns - 13:15 a 15:20 Martes: 13:15 a 15:05	14:30 a 15:30

HORARIO DE TRANSPORTE	
LUNS E MARTES	MÉRCORES A VENRES
Luns - 9:30 (entrada) / 16:30 (saída) Martes - 9:30 (entrada) / 16:15 (saída)	9:30 (entrada) / 15:30 (saída)

- Haberá **1 soa quenda** de comedor para todo o alumnado que o solicite, tanto de Infantil como de Primaria.
- Ofertarase tamén:
 - Plan Concilia (madrugadores e tardes divertidas)
 - Actividades Extraescolares.
 - Biblioteca escolar de mércores a venres DE 15:30 A 17:30 unha/un mestra/e.

LUNS A MEDIODÍA: de 13:25 a 14:25 reunións profesorado.

MARTES A MEDIODÍA: de 13:25 a 14:25 titorías nais, pais, persoas titoras.

Tedes máis información detallada do proxecto na web do centro na [PXA no punto 33.](#)

No informe emitido por mobilidade (transporte escolar) infórmase do seguinte:

1. A modificación non ocasiona incremento de custos adicionais en recursos educativos complementarios de comedor escolar e transporte escolar, xa que no proxecto de explotación XG-845, non sería necesaria a contratación de servizos de transporte adicionais.
2. O cambio horario supón a implantación da xornada mixta de mañá para infantil e primaria. Este horario será para todo o curso con cumprimento do horario escolar, e poderá ter unha variación de ata 10 minutos, tanto na entrada como na saída, dependendo das necesidades que poidan xurdir no transporte escolar.

Sobre o Censo Electoral

O censo electoral estará exposto no taboleiro do Centro do 21 de abril ao 2 de maio, ámbolos dous días incluídos. Establécense días de **reclamacións ao censo, do 3 de maio ao 9 de maio (ámbolos dous incluídos)**.

Sobre a votación

O día da **votación** será o **venres 12 de maio de 2023 na biblioteca do centro**

Constituirase unha mesa electoral para o efecto composta pola dirección do centro, que a presidirá, e dúas nais, pais, ou titoras, titores legais, designados por sorteo público, actuando como secretaria ou secretario a persoa de menor idade. En previsión de posibles ausencias, no sorteo designaranse titulares e suplentes.

O día do sorteo será o 26 de abril de 2023 ás 10:00 horas no despacho de xefatura do noso centro educativo.

Ademais, lembraremos nos días previos de novo o día, lugar e hora da votación.